



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SETE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

(ACTA NÚMERO 24)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e doce minutos do día **vinde e sete de xuño de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a señora deputada dona Iria Castro Fernández.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	1/66	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de xuño de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN EN CAPACIDADES DIXITAIS, NO ÁMBITO RURAL, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “Y PARA DIGITALIZARSE LUGO”, DENTRO DO PROGRAMA “RETO RURAL DIGITAL” NO MARCO DO “PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA- FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXT GENERATION EU”- COMPONENTE C19 INVERSIÓN I1.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 24 de xuño de 2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Acta da mesa de contratación do día 24 de xuño de 2025.

Presidenta:

Dña. Sonia Méndez García, Xefa do Servizo de Contratación e Fomento.

Secretaria da mesa:

Dña. María del Carmen Dorado Duro, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento.

Vogais:

D. Pablo Seoane Cancelo, Asesor Técnico do Servizo de Contratación e Fomento, en substitución do Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Dña Ana María Pérez Ramos, Técnica de Administración Xeral, en substitución da Interventora da Deputación de Lugo.

Dña. Vanesa Vilela Gómez, Técnica do Servizo de Promoción Económica e Emprego.

Sendo as 12:49 horas do día 24 de xuño de 2025, baixo a Presidencia de Dña. Sonia Méndez García, constitúese a Mesa de contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada a tales efectos.

Pola Presidenta da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación para a prestación do servizo de formación en capacidades dixitais, no ámbito rural, para a execución do proxecto “Y para digitalizarse Lugo”, dentro do programa “Reto rural digital” no marco do “Plan de recuperación, transformación e

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	2/66





resiliencia- financiado pola Unión Europea- *Next generation EU*”- componente C19 inversión I1.

Primeiro.- Dar conta da documentación do art.150 LCSP.

Segundo.- Proposta de adxudicación, se procede.

Antecedentes.

1. Memoria xustificativa do contrato, e motivación da urxencia da contratación con CSV: IV7S62T6DA6D5OJIQ4ORKPTW44.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7S66TTMAWZ7SWKCHWMMNPEMM.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7S62T7D757JPW4U35HMQBUE4.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:IV7SYSHMNFUPSTWSU5FVIMTG4.
5. Informe da Secretaría Xeral, con CSV: IV7SYSHN3DZJ72JCXXVSIRAUEQ.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7SYX20JEW4T7EP25FQCYBFCL.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7SYX22L3XIZ362CYA5KERFME.
8. Acordo de Xunta de Goberno do día 2 de maio de 2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7SYC33PMX2QWNM2L7MCHZUMM.
9. O anuncio de licitación e pregos foron publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 05 de maio de 2025.
10. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
11. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 29 de maio de 2025, con CSV:IV7SEKBLZMXZ3NBPQX7SCTQBKE na que se recolle o seguinte:
(...) “Acto seguido procédese á apertura dos sobres que conteñen a declaración de cumprimento dos requisitos previos dos licitadores concorrentes a esta licitación que presentaron a súa proposta dentro do prazo establecido a tales efectos, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público, son os seguintes:
1. Estudios Rafer S.L.
2. ImmuneCodign Instituto S.L.
Tendo en conta que ambas ofertas foron presentadas dentro do prazo concedido a tales efectos procédese a admitir a todos os licitadores e ao estudo das declaracións

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	3/66	

responsables de cumprimento de requisitos previos presentadas, resultando que ambas declaracións responsables se axustan aos requisitos esixidos nos pregos. A continuación procedeuse á apertura dos sobres que conteñen os criterios baseados en xuízos de valor, acordando A Mesa enviar a documentación contida en ditos sobres a informe e valoración do Servizo de Promoción Económica e Emprego”.

12. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 9 de xuño de 2025, con CSV:IV7SGDTLP7RDTVP66R4TO5CVHYna que se recolle o seguinte:

(...) “O Presidente da conta do informe con CSV: IV7SGWCMP4J47P7L6V6THY3XOA, emitido pola xefa de servizo de Promoción Económica e Emprego da Deputación de Lugo, Julia Vázquez Silvarrey, en relación aos criterios baseados en xuízos de valor das proposicións presentadas polas empresas licitadoras neste procedemento, recolléndose neste que procede a exclusión da proposta presentada pola empresa Immune Coding Instituto S.L. (Nome comercial Immune Technology Institute), posto que recolle na memoria técnica información que permite coñecer de antemán a puntuación que a empresa acadaría no criterio 3 de adxudicación, criterio avaliable automaticamente mediante fórmulas matemáticas.

Á proposta presentada pola empresa Estudios Rafer S.L. atribúelle 30 puntos, atendendo ao seguinte desglose:

Plan de proxecto. Organización do proxecto: 7 puntos.
Plan de proxecto. Equipo de traballo: 6,50 puntos.
Oferta técnica. Sistema de captación do alumnado: 8 puntos.
Oferta técnica. Plan de formación: 2 puntos.
Oferta técnica. Equipamento: 6,5 puntos.

Acto seguido procédese á apertura do sobre que contén os criterios avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas da única licitadora admitida, cos seguintes resultados:

Prezo ofertado (IVE non incluído)	Puntuación prezo	Axencia de colocación	Puntuación axencia colocación	Puntuación total criterios obxectivos
362.308,76 €	40 puntos	Sí se compromete	11 puntos	51 puntos

A Mesa comprobou que a proposta non incorre en valores desproporcionados ou anormalmente baixos e procede a realizar a valoración total da oferta cos seguintes resultados:

Puntuación criterios subxectivos	Puntuación prezo ofertado	Puntuación axencia colocación	Puntuación total
30 puntos	40 puntos	11 puntos	81 puntos

A mesa de contratación acordou por unanimidade, elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	4/66





1º.- Excluir a oferta presentada pola empresa ImmuneCodign Instituto S.L., asumindo como propio o informe técnico con CSV: IV7SGWCMP4J47P7L6V6THY3XOA, por desvelar o segredo das ofertas ao incluír nesta fase información que permite coñecer de antemán a puntuación que a empresa acadaría no criterio 3 de adxudicación, criterio avaliable automaticamente mediante fórmulas matemáticas.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 44.2 da LCSP, procede interpoñer – con carácter potestativo- recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo, con enderezo en <https://tarclu.deputacionlugo.org>. A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade co artigo 58 do Real Decreto Lei 36/2020.

2º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	Estudios Rafer S.L.	81

3º.- Requerir á empresa Estudios Rafer S.L. para que, dentro do prazo de oito días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas e no apartado Q do cadro resumo deste prego- sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva por importe de 18.115,44 euros, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade”.

14. Resolución da Presidencia do día 13 de xuño de 2025, con CSV: IV7SGMICZIVPTCVC5UUEOLYF4Y, pola que se insta ó requirimento da documentación administrativa recollida na cláusula 17 do PCAP.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	5/66



15. Reunida a Mesa de contratación o día de hoxe, 24 de xuño de 2025, pola Presidencia se informa aos membros da Mesa de Contratación aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP en relación coa cláusula décimo sétima do PCAP, que a empresa Estudios Rafer S.L. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase certificado do Servizo de Recadación de estar ao corrente coas obrigas coa Deputación, así como carta de pago da garantía definitiva.

A empresa presenta as declaracións requiridas no PCAP de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) e de ausencia de conflito de intereses (anexo III) e de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) (anexo IV). Non é necesario que presenten esta fase o certificado emitido por empresa certificadora indicadas pola ENAC (entidad nacional de acreditación), xa que non figuraba no PCAP como criterio de adxudicación “acreditación certificación ens”.

A Presidenta informa aos membros da mesa que, de forma previa á celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

Consta no expediente o informe de resultados do Análise de Riscos de Conflictos de Interés realizado por MINERVA concluíndo o seguinte:

“Se ha realizado el análisis de riesgos de las 12 posibles parejas decisor-potencial beneficiario, siendo el resultado el siguiente:
12 casos de no detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas verdes)
0 casos de detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas rojas)
Además, hay 0 potenciales beneficiarios para los que no consta información de titularidades o constan como fallecidos (banderas negras).
Todas las parejas decisor- potencial beneficiario están en situación de bandera verde.”

A maiores incorpóranse ao expediente as declaracións asinadas de ausencia de conflito de interese das persoas que forman parte da Mesa de Contratación.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, polo órgano de contratación, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a Estudios Rafer S.L. a contratación para a prestación do servizo de formación en capacidades dixitais, no ámbito rural, para a execución do proxecto “Y

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	6/66





para digitalizarse Lugo”, dentro do programa “Reto rural digital” no marco do “Plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea- *Nextgeneration EU*”- componente C19 inversión I1, expediente nº: 2025/CON_02/0000044 por un importe total de 362.308,76 euros, aos que se engadirán 76.084,84 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 438.393,60 euros, con compromiso de realizar a nova contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.
A Presidenta levanta a sesión as 12:52 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico”.

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a Estudios Rafer S.L. a contratación para a prestación do servizo de formación en capacidades dixitais, no ámbito rural, para a execución do proxecto “Y para digitalizarse Lugo”, dentro do programa “Reto rural digital” no marco do “Plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea- *Nextgeneration EU*”- componente C19 inversión I1, expediente nº: 2025/CON_02/0000044, por un importe total de 362.308,76 euros, aos que se engadirán 76.084,84 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 438.393,60 euros, de acordo coa oferta técnica presentada e con compromiso de realizar a nova contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo. Sendo as horas de formación un máximo de 17.700 horas, o prezo unitario é de 24,768 euros/ hora, IVE incluído (438.393,60 euros/17.700 horas).

2º.- O contrato iniciárase na data da subscripción da acta de inicio ou data que figure na mesma, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, ata o día 20 de marzo de 2026. Non se contempla prórroga. O 60% das actuacións deberán executarse antes do 31 de decembro de 2025.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	7/66	

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais a partir do día seguinte á notificación, a resolución de adxudicación do contrato (artigo 58 do Real Decreto Lei 36/2020), sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparelada a suspensión da formalización.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE TRES ACTUACIÓNS DE XABIER DÍAZ & ADUFEIRAS DE SALITRE, CON MOTIVO DAS LETRAS GALEGAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 24 de xuño de 2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“*Antecedentes.*

1. Providencia de inicio do contrato, e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7S3STDPPXYR776UIAQGYTHOU.
2. Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7S2LPOKEUOTKV364YRP7QU7Y.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7S2ORT3U7YJBNZVUGHOQLTP4.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7SEC3YLVXLIXM7SJWAJYCD6Y.
5. Informe xurídico firmado pola Xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7SEC3ZZRNIVKODAEPLOYTAJY.
6. Informe de fiscalización/intervención previa limitada del expediente, con CSV: IV7SEGC7JJBRSZOMWFFAA3R6GU.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7SEEAJYAENLPVY2YNUJJP7GM.
8. Acordo da Xunta de Goberno de data 30 de maio de 2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7SFTK3F4E3L6UL6V45CJAQKM.
9. Convite cursado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o 30 de maio de 2025.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	8/66	



10. Acta da Mesa de Contratación do día 04 de xuño de 2025, con CSV: IV7SGSQ4GFWCV00P4YWAO5AU6E, na que se recolle o seguinte:

“(…) Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador convidado a este procedemento e que presentou a oferta é Revenidas S.C.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa (Anexo I) presentada polo licitador consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre relativo á fase 1: Criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas), resultando que o único licitador concorrente non oferta desconto no prezo polo que, segundo o recollido no cadro resumo do PCAP, obtén 0 puntos nesta fase.

A mesa de contratación acorda iniciar a fase de negociación (fase 2), de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite a Revenidas S.C. na rolda de negociación, o licitador deberá presentar a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación (Anexo II bis, do PCAP).(…).”

11. Solicitude de oferta final, cursada a través da plataforma de contratación do sector público o día 04 de xuño de 2025.

12. Acta da Mesa de contratación do día 09 de xuño de 2025, con CSV: IV7SGDT2LLVMR76KSUABMJHXEE, na que se recolle o seguinte:

“(…) Deuse conta que a mesa de contratación en sesión anterior, acordou iniciar a Fase de Negociación (Fase 2) de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Tendo en conta que o licitador presentou a súa proposta dentro do prazo concedido a tales efectos, a través da plataforma de contratación do sector público, procédese ao estudo da oferta relativa á segunda fase, resultando que o licitador se compromete a aumentar a duración mínima dos concertos en 15 minutos, polo que acada 15 puntos neste criterio, atendendo ao disposto no PCAP.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	9/66	

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1º.- Outorgar ao licitador admitido a seguinte puntuación e clasificalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
REVENIDAS SC	Fase I Oferta presentada: 44.600,00 € (IVE NON ENGADIDO): 0 puntos Fase II. Oferta presentada: Aumento da duración mínima dos concertos: 15 días, 15 puntos TOTAL= Fase I +Fase II :0 puntos+ 15 puntos = 15 puntos

2º.- Requerir a Revenidas SC para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LICITADOR	IMPORTE GARANTÍA
Revenidas SC	2.230,00 €

(...)"

13. Resolución de Presidencia do día 13 de xuño de 2025, con CSV: IV7SGMIDPZBM6TWOQLYDMBSW6U, de clasificación e requirimento de documentación do artigo 150.

14. Requisirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 17 de xuño de 2025.

15. Documentación presentada pola empresa Revenidas S.C. a través da plataforma de contratación do sector público o día 17 de xuño de 2025 e a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo o día 23 de xuño de 2025.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 24 de xuño de 2025, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente, agás no tocante á solvencia económica, posto que presenta un certificado de importe neto da cifra de negocio, medio que non está contemplado nos pregos como posible forma de acreditación da cifra de negocio declarada pola empresa.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	10/66





O licitador acredita patrimonio neto positivo a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo.

Incorpórase ao expediente certificado da Recadación Provincial e carta de pago da garantía depositada.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Revenidas S.C. a contratación de tres actuacións de Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre, con motivo das letras galegas, expediente 2025/CON_02/000060, polo importe de 44.600,00 €, ao que se aplicará un IVE de 9.366,00 € (21%), o que fai un total de 53.966,00 €.

O licitador, comprométese a incrementar a duración mínima dos concertos (de 75 minutos) en 15 minutos adicionais, sen custe para a administración contratante.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Revenidas S.C. a contratación de tres actuacións de Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre, con motivo das letras galegas, expediente 2025/CON_02/000060, polo importe de 44.600,00 €, ao que se aplicará un IVE de 9.366,00 € (21%), o que fai un total de 53.966,00 €.

O licitador, comprométese a incrementar a duración mínima dos concertos (de 75 minutos) en 15 minutos adicionais, sen custe para a administración contratante.

2º.- O prazo e lugar de execución conforme ao previsto nos PPT: 13 de xullo en Samos, 26 de xullo en Castroverde e 5 de outubro en Barreiros.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	11/66	

3º.-Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO CICLO PROXECCÍONS MESTRE MATEO, QUE CONSISTE NA PROXECCIÓN DE 4 LONGAMETRAXES DE FICCIÓN: “AS NEVES”, “+CUÑADOS”, “HONEYMOON” E “XUSTIZA ARTIFICIAL” E 4 LONGAMETRAXES DOCUMENTAIS: “AURORA”, “FILMEI PAXAROS VOANDO”, “PREFIRO CONDENARME” E “SALVAXE, SALVAXE”, FINALISTAS DOS XXIII PREMIOS MESTRE MATEO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 19 de xuño de 2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7SYSL5FJW6LGR2SJYDOAJSEY.
2. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7SYSLSNZUCTJBD2F6H6M3Q4U.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7SYDCCLVEKT3UTQAGHGR2BGA.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7S2S20MAMT7CMJDV6QF4RFKE.
5. Informe Xurídico emitido pola Secretaría Xeral, con IV7S2WTJLXVMZWGNQYQMNIKR6U.
6. Fiscalización limitada previa, con CSV: IV7S22TLDREM734PCZ64M33EHY.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7S2YIDNY4YJT7M6MQU6MKXL4.
8. Acordo da Xunta de Goberno de data 16 de maio de 2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7S2LCTBZ73TTOP4BABGVPG4Q.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	12/66





9. Acta da Mesa de Contratación do día 23 de maio de 2025, con CSV: IV7S3UIOF4EIZL6PQF7MFYQTLY que acordou o seguinte:

(...) “Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa (Anexo I) presentada polo licitador consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre relativo á fase 1: Criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas), resultando que o único licitador concorrente oferta ao tipo de licitación, polo que obtén 0 puntos nesta fase.

A mesa de contratación acorda iniciar a fase de negociación (fase 2), de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite a Asociación Academia Galega do Audiovisual. Na rolda de negociación, o licitador deberá presenta a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación (Anexo II bis, do PCAP).

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 11:50 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.”

10. Acta da Mesa de Contratación do día 29 de maio de 2025, con CSV: IV7SEGA4JV03RT7SCYVGMD3VNY, que acordou o seguinte:

“Deuse conta que a mesa de contratación en sesións anteriores, acordou iniciar a Fase de Negociación (Fase 2) de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite. Tendo en conta que o licitador presentou a súa proposta dentro do prazo concedido a tales efectos, a través da plataforma de contratación do sector público, procédese ao estudo da oferta relativa á segunda fase, resultando que o licitador se non se compromete sen custo adicional para a administración contratante a realizar as proxeccións nun concello da provincia de Lugo a maiores dos establecidos como

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	13/66	

obrigatorios no PPT e no PCAP, polo que acada 0 puntos neste criterio, atendendo ao disposto no PCAP.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1º.- Outorga ao licitador admitido a seguinte puntuación e clasificalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL.	Fase I Oferta presentada: sen expresión de cantidade concreta: 0 puntos Fase II: 0 puntos TOTAL= Fase I +Fase II :0 puntos

2º.- Requerir a Asociación Academia Galega do Audiovisual., para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas - sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LICITADOR	IMPORTE GARANTÍA
ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL.	1.200,00 €

(...)"

11. Resolución de Presidencia do 2 de xuño de 2024, de clasificación e requirimento de documentación, con CSV: IV7SFTZ4N5P5ZCZYYZHGO7YCEU.

12. Requerimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público do día 3 de xuño de 2025.

13. Documentación presentada pola Asociación Academia Galega do Audiovisual a través da plataforma de contratación do sector público o día 16 de xuño de 2025.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 19 de xuño de 2025, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorporárase verificación de suficiencia (bastanteo de poder) efectuado pola Asesoría xurídica da Deputación de Lugo e certificado do servizo de Recadación provincial.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	14/66





En acreditación da solvencia económica, presenta as contas de 2024 con importe de cifra de negocios e patrimonio neto superior ao esixido, así como acta da asemblea xeral pola que se aproban as mesmas e declaración da Presidenta da Asociación de que “de acordo co establecido nos artigos 14 e 34 da Lei Orgánica 1/2022, reguladora do Dereito de Asociación, a Asociación Academia Galega do Audiovisual, a día de hoxe non é unha entidade declarada de utilidade pública, polo que non está obrigada a depositar as súas contas anuais nin no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia nin no Rexistro Mercantil da Coruña”.

En acreditación da solvencia técnica, presenta declaración indicando o persoal técnico participante no contrato, especialmente os encargados do control de calidade, acompañada dos curriculum vitae, confirmando a xefa da unidade de cultura, á adecuación do persoal técnico para a prestación do servizo a contratar. Consta garantía definitiva formalizada na Tesourería da Deputación de Lugo.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso, enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Asociación Academia Galega do Audiovisual, a Ciclo proxeccións Mestre Mateo, que consiste na proxección de 4 longametraxes de ficción: “As neves”, “+Cuñados”, “Honeymoon” e “Xustiza artificial” e 4 longametraxes documentais: “Aurora”, “Filmei paxaros voando”, “Prefiro condenarme” e “Salvaxe, salvaxe”, Finalistas dos XXIII Premios Mestre Mateo, expediente nº 2025/CON_02/000053, polo importe de 24.000 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.040 €, o que fai un total de 29.040 €, con duración ata o 31 de decembro de 2025.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos. E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 10:50 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.”

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	15/66



Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a contratación do Ciclo proxeccións Mestre Mateo, que consiste na proxección de 4 longametraxes de ficción: “As Neves”, “+Cuñados”, “Honeymoon” e “Xustiza artificial” e 4 longametraxes documentais: “Aurora”, “Filmei paxaros voando”, “Prefiro condenarme” e “Salvaxe, salvaxe”, finalistas dos XXIII Premios Mestre Mateo, expediente Nº: 2025/CON_02/000053, á empresa Asociación Academia Galega do Audiovisual, polo importe de 24.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.040,00 €, o que fai un total de 29.040,00 €, cuns importes unitarios por cada película de ficción de 425 euros (IVE non engadido) e por cada película documental de 325 euros (IVE non engadido).

2º.- O contrato terá unha duración ata o 31 de decembro de 2025. Este prazo empezará a contar a partir da subscripción da acta de inicio da prestación do servizo, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

3º.- O orzamento de adxudicación distribúese de conformidade co seguinte:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2025	3340.22609	29.040,00	22025002610

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2025, polo importe relacionado, para a anualidade 2025.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados.
Na data da sinatura dixital.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	16/66





5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CORRECCIÓN DE ERRO NA DOCUMENTACIÓN RELATIVA A LICITACIÓN DA OBRA CHANTADA- CARBALLEDO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, sobre a corrección de erros na documentación relativa á obra indicada, do seguinte teor:

“Visto o expediente en relación coa licitación da obra CHANTADA- CARBALLEDO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla por tramos LU-P-1801 “Chantada- Nogueira- Os Peares (LU-P-1010)”, P.K. 6+000 a 29+396, infórmase o seguinte:

Primeiro.- En data 11/06/2025 elevouse proposta á Xunta de Goberno en relación coa aprobación do expediente de contratación da obra indicada, con CSV: IV7SGD26NEPPTZBLQVWG4FTH6E.

Segundo.- Pola Xunta de Goberno de data 13/06/2025, logo da correspondente fiscalización pola Intervención, aprobouse, entre outros, os pregos, expediente, proxecto e gasto relativo á obra indicada, segundo consta en certificado con CSV: IV7TUTTSNVVK5XZTQ54DCZJPLY.

Terceiro.- Revisado o expediente, detéctase erro no importe do gasto aprobado, tanto na proposta como no acordo da Xunta de Goberno que procede emendar, xa que se indica 315.513,34 € cando deberían figurar 313.513,34 €.

Cuarto.- No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ao igual que o derogado artigo 105.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común), dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Quinto.- En canto ao alcance do concepto de erro material, pódese traer a colación o afirmado polo Tribunal Supremo en sentenza do 1 de decembro de 2011 (recurso 2/2011), que se remite á doutrina do Tribunal Constitucional (sentenzas 218/1999, do 29 de novembro, e 69/200, do 13 de Marzo) e do Tribunal Supremo (sentenzas da

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	17/66	

Sala Terceira do 19 de setembro de 2004 (recurso 4174/2000), 4 de febreiro de 2008 (recurso 2160/2003) e 16 de febreiro do 2009 (recurso 609272005), que afirma o seguinte: “los simples errores materiales, de hecho o aritméticos son aquellos cuya corrección no implica un juicio valorativo, ni exige operaciones de calificación jurídica, por evidenciarse el error directamente, al deducirse con plena certeza del propio texto de la resolución, sin necesidad de hipótesis o deducciones.

Tales errores materiales aluden, por consiguiente, a meras equivocaciones elementales, que se aprecian de forma clara, patente, manifiesta y ostensible, evidenciándose por sí solos, sin que sea preciso acudir a ulteriores razonamientos, ni a operaciones valorativas o aclaratorias sobre normas jurídicas, ya que afectan a un determinado suceso de manera independiente de toda opinión, criterio o calificación, al margen, pues, de cualquier interpretación jurídica y de toda apreciación hermenéutica valorativa.”

A maior abastanza pódese citar tamén algún pronunciamento do Consello de Estado, que en dictamen núm. 43.184 de 11 de xuño de 1981, sostivo que “Cuando la Ley de Procedimiento Administrativo dispone que en cualquier momento podrá la Administración rectificar los errores materiales o de hecho y los aritméticos, se está refiriendo a los que la doctrina, desde Savigny, denomina “errores obstativos”, que se producen siempre que una declaración de voluntad no coincide con el sentido exacto de la voluntad misma que se quiso expresar. Son errores de expresión, equivocaciones gramaticales o de cálculo, tales como el *lapsus*, la errata, el nombre equivocado, la omisión involuntaria, el error en la suma de cantidades, etc. Únicamente este tipo de errores y no los que vienen de la voluntad (*in re, in persona, in causa*) son los que pueden rectificarse en cualquier momento. Porque no se trata de anular ningún acto o resolución, sino de reconducirlo a los propios términos en que debió ser pronunciado.”

Argumentos todos eles, coherentes coa corrección que se pretende realizar, co obxecto de reconducir o contido do informe, proposta e acordo da Xunta de Goberno, nos termos nos que debeu ser pronunciado, posto que é evidente e resulta do expediente que se trata dun erro ao momento de aplicar os coeficientes de adxudicación.

A vista do anterior, infórmase favorablemente a corrección do erro, do xeito que na proposta, fiscalización e aprobación da Xunta de Goberno:

Onde se indica:

“... por importe de 315.513,34 €,...”

Debería dicirse:

“... por importe de 313.513,34 €,...”

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito.”

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y		Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y		Página	18/66	



Visto o que antecede, propónse que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial adopte o seguinte acordo:

Aprobar a subsanación do erro detectado na documentación relativa á aprobación da licitación da obra CHANTADA- CARBALLEDO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla por tramos LU-P-1801 “Chantada- Nogueira- Os Peares (LU-P-1010)”, P.K. 6+000 a 29+396, tal e como se reflicte no Informe do Servizo de Contratación e Fomento, de modo que:

Onde se indica:

“.... por importe de 315.513,34 €,...”

Debería dicirse:

“.... por importe de 313.513,34 €,...”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN DEPUTACIÓN 2024 E 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Portomarín no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (243) incluídos no Plan Deputación 2024 e 233 incluído no Plan Deputación 2025, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26/12/2023 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Deputación 2024. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 08/01/2024.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	19/66	

2. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2024 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Deputación 2025. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2025.

3. Nas bases do PD2024 establécese, concretamente na base 15 “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións, ou derivadas de modificacións/substitucións de investimentos, poderán ser investidas por cada concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2025, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o/s cartel/es como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados no mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de 2 meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2025.

(...)

As baixas na licitación non poderán aplicarse en ningún caso a reducir a aportación municipal obrigatoria, non obstante, si poderán ser destinadas a diminuír o financiamento voluntario, nos investimentos, de cada Concello.

4. Nas bases do PD 2025 establécese, concretamente na base 15 “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións, ou derivadas de modificacións/substitucións de investimentos, poderán ser investidas por cada concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2026, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o/s cartel/es como todo o relativo á xustificación.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	20/66	



Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados no mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de 2 meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2026.

(...)

As baixas na licitación non poderán aplicarse en ningún caso a reducir a aportación municipal obrigatoria, non obstante, si poderán ser destinadas a diminuír o financiamento voluntario, nos investimentos, de cada Concello.

5. O Plan Deputación 2024 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 26/03/2024, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

6. O Plan Deputación 2025 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 25/03/2025, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

7. O Concello de Portomarín presentou Anexo III de obras incluídas no plan Deputación, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
PORTOMARÍN	243 (PD24)	ACCESOS AOS NÚCLEOS DE VILAR DE ABAIXO, NARÓN, O RASO, AS NEVES, BIDUEDO, A PEDRA, VALDERRAMOS, AS MOREIRAS, VILAPROÍ E A PIUNCA, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	3.846,06 €
PORTOMARÍN	233 (PD25)	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS AOS NÚCLEOS DE PORTOMARÍN, SAN FIZ, BAGUDE, SOENGAS DE ABAIXO, O CASTRO, SAN ROQUE, O MAZO E LAMAS, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.762	4.517,82 €

8. Por escrito de data 19/06/2025 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
PORTOMARÍN	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESO AO NÚCLEO DE PORTOMARÍN	1531.76201	--	8.363,88€ (3.846,06€ +4.517,82€)	8.363,88€

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	21/66



9. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Deputación 2024, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal ...” e a mesma base do Plan Deputación 2025, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal”.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Portomarín, no Plan Deputación 2024 e Plan Deputación 2025.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Portomarín e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, no Plan Deputación 2024 e Plan Deputación 2025 o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases do Plan Deputación 2024, por ser o que antes se xustifica, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSTIMENTO
PORTOMARÍN	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESO AO NÚCLEO DE PORTOMARÍN	1531.76201	--	8.363,88€ (3.846,06€ +4.517,82€)	8.363,88€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Antas de Ulla para financiar gastos

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	22/66





derivados da execución das actuacións “Mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente” no Concello de Antas de Ulla, ano 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Informe favorable.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Antas de Ulla (EXP. 2025/PES_03/012786) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Antas de Ulla para o financiamento dos gastos derivados das actuacións “Mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente” por importe total de 579.983,59 € (dos que 500.000,00 serán financiados pola Deputación de Lugo e 79.983,59 € serán financiados polo Concello de Antas de Ulla) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe:

No Anexo 1 de solicitude aportada dende o concello, no aportado do financiamento das actuacións obxecto do convenio os importes correctos son os seguintes:

Aportación FP: 7,75 €

Aportación Deputación: 500.000,00 €

Aportación doutras entidades públicas ou privadas: 79.975,84

Total: 579.983,59

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	23/66	

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	24/66





Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	25/66



Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

1. Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
 2. A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
 3. O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
 4. Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.
 5. Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.
 6. Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
 7. Réxime de modificación do convenio.
 8. Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
 1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
 2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
- (...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	26/66





3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei.”

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico- financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA.

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	27/66	

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Antas de Ulla, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

Terceira.- O borrador do convenio adecúase ao convenio tipo aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 17 de xaneiro de 2025 coas adaptacións necesarias dada natureza do obxecto (gasto corrente e inversión)

Cuarta.- Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP.

Quinta.- Consta informe de consignación orzamentaria de Intervención, por importe de 500.000,00€:

198.803,25 € para sufragar gastos da Liña 1 con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200.

301.196,75 € para sufragar gastos da Liña 2 con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025.

Sexta.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público“.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións “Mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente” no Concello de Antas de Ulla, ano 2025 por importe total de 579.983,59 € (dos que 500.000,00 serán financiados pola Deputación de Lugo e 79.983,59 € serán financiados polo Concello de Antas de Ulla) cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Antas de Ulla para financiar gastos derivados da execución das actuacións “Mellora de infraestruturas de titularidade municipal e financiamento de gasto corrente” no Concello de Antas de Ulla, ano 2025.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-27000000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	28/66	



nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra dona María del Pilar García Porto, Alcaldesa do Concello de Antas de Ulla, con N.I.F P2700300C e sede social na praza de España, nº2 C.P. 27570, Antas de Ulla, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	29/66



a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)."

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: "1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	30/66	



- “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...) 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	31/66	

atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público - público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber sinalada no artigo 36.1 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	32/66	



Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscripción de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Antas de Ulla, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

Actuacións	CUSTE TOTAL
LIÑA 1: INVERSIÓNS 1. Instalación de placas fotovoltaicas na cuberta da Casa da Cultura: 20.570,00€ 2. Reorganización e creación de novos despachos nos Servizos Sociais: 26.983,74 € 3. Adquisición dunha furgoneta para a brigada municipal: 15.064,50 € 4. Renovación do material de cubrición do edificio consistorial: 33.948,30 € 5. Dotación de equipamento escénico para a Casa da Cultura: 38.030,30 € 6. Mobiliario para actividades culturais e lúdicas: 4.381,62 € 7. Cota adquisición de inmoables (Cámara Agraria Local): 2.322,63 € 8. Cota adquisición de inmoables e Casa Cuartel): 9.827,29 € 9. Rehabilitación de vivenda para mellora das condicións de seguridade e habitabilidade no Lg. de Ludeiro núm. 8 – Pq. Amarante: 19.100,94 € 10. Mellora e ampliación da rede de compostaxe local: 10.949,77€ 11.Rehabilitación da antiga casa escola de Santa Cristina de Areas: 97.600,00€	278.779,09 €
LIÑA 2: GASTO CORRENTE 1. Débeda con ADVON S.L. (principal): 144.994,26€ 2. Xulgado contencioso admto. n. 1 de Lugo (sentenza 50/2025 (pa 119/2024). principal): 4.564,85€ 3. Xulgado 1ª instancia de chantada (etj 38/2025.principal): 1.606,45€ 4. Feira turística en Sestao (Bizkaia): 6.000,00€ 5. Gastos alumado público (subministro de enerxía eléctrica): 26.910,40€ . 6. Gastos alumado público (mantemento e reparacións): 7.458,01€. 7. Mantemento piscinas municipais tempada verán 2025: 15.669,50€. 8. Servizos de xestión ordinaria de administración xeral (inclúe servizos de mantemento e xestión de comunicación institucional e RRSS, de asesoría laboral, de alarmas, de servizos informáticos e de mantemento de fotocopiadoras e ascensor): 16.607,25€ 9. Servizos técnicos de asesoramento urbanístico: 10.890,00€ 10. Cambio de rodas de camión de recollida de lixo: 4.746,83€ 11. Subministro de combustibles vehículos municipais: 11.002,40€ 12. Parque infantil Reis Magos 2025: 1.149,50€ 13. Reparación do quisco das piscinas municipais: 6.000,00€ 14. Tratamento e xestión de residuos: 43.605,05€	301.204,50€
CUSTE TOTAL	579.983,59 €

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	33/66	

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos en cada Liña poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas na correspondente Liña se atopen executadas e pagadas.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
500.000,00 €	79.983,59 €
TOTAL: 579.983,59 €	

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta. Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Antas de Ulla.

Terceira.- Fin común.

Coa formalización do presente convenio preténdese garantir a prestación de servizos municipais de calidade, a modernización das infraestruturas locais e o fortalecemento do tecido social e económico do municipio.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
 2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.
- Non obstante ditas baixas (no suposto de obras) poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.

4.2. O Concello de Antas de Ulla.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Antas de Ulla, comprométese ao seguinte:

- a) Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
- b) Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
- c) Achegar os proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	34/66





- d) Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.
- e) O prazo de execución das actuacións da Liña 1 do obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 30 de setembro de 2026.
- f) O prazo de execución das actuacións da Liña 2 do obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2025. ata o 31 de decembro de 2025.
- g) Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- h) Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
- i) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
- j) Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
- k) Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
- l) Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
- m) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
- n) Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministrados e servizos e 5 anos en obras)

Quinta.- Réxime económico.

B) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 500.000,00 € (198.803,25 € para sufragar gastos da Liña 1 con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 e 301.196,75 € para sufragar gastos da Liña 2 con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200€ do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025) para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Antas de Ulla aportará 79.983,59 € (79.975,84 € para sufragar gastos da Liña 1 e 7,75 € para sufragar gastos da Liña 2) para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	35/66	

A) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será de titularidade do Concello de Antas de Ulla.

B) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Antas de Ulla se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro da Liña 1 dentro deste convenio abarca ata o 31 de outubro de 2026.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Antas de Ulla se aporte a conta xustificativa dos gastos da Liña 2 enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2026. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo

Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas por cada unha das actuacións - incluídas nas Liñas 1 e 2- obxecto deste convenio sempre que as mesmas estean completamente executadas e pagadas. No suposto de optar por contas xustificativas por cada unha das actuacións as achegas das paredes regularizarase coa derradeira conta xustificativa de cada Liña.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que as actuacións foron realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Resolución ou acordo de adxudicación das obras

Escritura pública nos supostos de cotas de adquisición de inmobles.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	36/66	



Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarse coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida pola representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino dos bens (5 anos en obras e 2 anos en subministrados e servizos).

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Anticipo.

O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria, un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.

Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable na que conste:

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	37/66	

Que cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias)

Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)

3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026 respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	38/66	



Décima.- Comisión de Seguimiento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituírse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

Velar polo cumprimento deste convenio.

Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

O Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitálos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	39/66	

Décimo segunda.- Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométese a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	40/66





Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.”

2º.- A aprobación do gasto, por importe de 500.000,00 € (198.803,25 € para sufragar gastos da Liña 1 con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 e 301.196,75 € para sufragar gastos da Liña 2 con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200€ do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025) para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PRÓRROGA DO ACORDO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E MAREMTA 2022, SL. RELATIVO Á CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN PROVINCIAL DENOMINADO INSTALACIÓNS EN PONTE DO SIL, CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“De conformidade co acordo asinado o 05.07.22 entre esta Entidade Provincial e Jesús Pereiro González no nome e representación da entidade mercantil MAREMTA 2022, SL., concesionaria do ben provincial denominado Instalacións en Ponte do Sil por acordo da Xunta de Goberno Provincial ordinaria celebrada o 17.06.22, e no marco do prego de cláusulas administrativas aprobadas por acordo da Xunta de Goberno celebrada o 01.04.22.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	41/66	

Tendo en conta que na súa cláusula Oitava, establece a duración da concesión demanial, baixo o epígrafe do mesmo nome, nos seguintes termos: "O prazo de duración da concesión demanial será de 2 anos, contados a partir do día seguinte á formalización en documento administrativo da presente concesión demanial. Finalizado este período haberá posibilidade de prórroga, por mutuo acordo das partes, por 2 anos máis, de ano en ano. A prórroga deberase acordar expresamente dentro dos tres meses anteriores á finalización da mesma. En todo caso, a duración total da presente concesión, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 4 anos."

Visto o que con data de 05.04.24 a Xunta de Goberno aproba a prórroga do acordo relativo á concesión demanial das Instalacións en Ponte do Sil, asinado o 05.07.22, por mutuo acordo das partes, durante un ano máis, do 06.07.24-05.07.25 (...).

Vista a declaración de interese de prórroga formulada polo concesionario o 16.05.25 e presentación das facturas por importe total de 4.636,76 € -sen IVE incluído- relativas aos investimentos e melloras realizadas no período 06.07.24-05.07.25.

Visto o informe da Tesoureira Provincial que baixo o CSV IV7S24I4CAP3504LXU6S4L2XCI, conclúe que a data da emisión deste informe o 16.05.25 o concesionario está ao corrente no pagamento do canon.

Visto o informe de data 20.05.25 da responsable da concesión demanial, relativo á cumprimento de obrigas e no seu caso prórroga da concesión demanial para a utilización privativa do ben de dominio público denominado "Instalacións en Ponte do Sil no Concello de Monforte de Lemos" emitido baixo o CSV IV7S207Y2B5TZKGY635TAHZX6M no que conclúe que cumpridas as obrigas contractuais existentes ata o 05.07.25, en virtude do interese manifestado polo concesionario en exercitar o seu dereito á derradeira prórroga e dado que está prevista esta posibilidade por mutuo acordo das partes e ata un máximo de 4 anos, estímase que se reúnen os requisitos para proceder á última prórroga da presente concesión demanial por un ano mais, do 06.07.25- 05.07.26, sendo para este período a cantidade comprometida en inversións de 4.155,26 € máis IVE, na aplicación proporcional das melloras ofertadas na dita Cláusula 10 polo concesionario, co canon establecido na devandita Cláusula 9 do acordo reitor.

Visto o informe do Servizo de Turismo asinado o 22.03.24 baixo o CSV V7XWWLNBUC3GVYS5MBMNABL4 que sinala a reserva a favor do desenvolvemento da rutas fluviais dos espazos que contempla a cláusula 3 do acordo reitor: (...) a parte baixa do edificio queda a disposición da Deputación de Lugo para a realización de actividades de titularidade provincial.

Visto o informe da Secretaría Xeral e da Sección de Patrimonio asinado 021.05.25 no que conclúe que o procedemento conducente á aprobación da liquidación das obrigas derivadas da 1ª prórroga comprendida entre o 06.07.24- 05.07.25 e á celebración da derradeira prórroga por un ano mais dende o 06.07.25 ata o 05.07.26 adecúase a

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	42/66





lexislación vixente e en particular ao acordo reitor da concesión demanial deste ben provincial.

Visto que a Intervención Provincial con data do 18.06.25 baixo o CSV IV7TU3DLIFRNLLNY7UUNOJBPII informa favorablemente á tramitación do expediente.

En base a todo o anteriormente exposto, a teor do artigo 59.12 do Regulamento Orgánico, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobación da liquidación das obrigas derivadas da prórroga que fora aprobada por acordo do 05.04.24 da Xunta de Goberno comprendida entre o 06.07.24- 05.07.25.

2º.- Aprobación da derradeira prórroga do acordo de concesión demanial do ben provincial Instalacións en Ponte do Sil que fora asinado o 05.07.22. Esta prórroga, acordada de mutuo acordo das partes, terá un ano máis duración comprendido entre o 06.07.25 ata o 05.07.26, cumpríndose o período máximo de duración do acordo fixado en catro anos incluídas as prórrogas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA RELATIVA AO CUMPRIMENTO E NO SEU CASO A PRÓRROGA DO ACORDO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E ENRIQUE REIGOSA GÓMEZ RELATIVO Á CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN PROVINCIAL DENOMINADO MAZO DE SANTA COMBA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o acordo asinado o 05.07.22 entre esta Entidade Provincial e Enrique Reigosa Gómez, concesionario do ben provincial denominado Mazo de Santa Comba por acordo da Xunta de Goberno Provincial ordinaria celebrada o 17.06.22, e no marco do prego de cláusulas administrativas aprobadas por acordo da Xunta de Goberno celebrada o 01.04.22.

Vista a cláusula Oitava que establece a duración da concesión, baixo o epígrafe do mesmo nome, nos seguintes termos: “O prazo de duración da concesión demanial será de 2 anos, contados a partir do día seguinte á formalización en documento

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	43/66	

administrativo da presente concesión demanial. Finalizado este período haberá posibilidade de prórroga, por mutuo acordo das partes, por 2 anos máis, de ano en ano. A prórroga deberase acordar expresamente dentro dos tres meses anteriores á finalización da mesma. En todo caso, a duración total da presente concesión, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 4 anos.”

Visto que o 05.04.24 a Xunta de Goberno acorda aprobar a prórroga do acordo relativo á concesión demanial do ben provincial denominado Instalacións en Ponte do Sil asinado o 05 de xullo de 2022, por mutuo acordo das partes, durante un ano máis, do 06.07.2024- 05.07.2025, atendendo a que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non poderá exceder dos catro anos.

Vista a declaración de interese de prórroga do 06.07.25 ata o 05.07.26 formulada polo concesionario e presentación das facturas por importe total de 6.900 € - sen IVE incluído- relativas aos investimentos e melloras realizadas no período 06.07.24-05.07.25.

Visto que a Tesoureira Provincial baixo o CSV IV7S3UA2GAXJV2BNYVGMAVYBAU, asina o 23.05.25 informe no que expresa que o concesionario está ao corrente no pagamento do canon.

Visto o informe do 23.06.25 asinado baixo o CSV IV7TULQLNQVMSTVLABQFG5IGLY pola responsable da concesión demanial e coa conformidade da Secretaría Xeral que conclúe que o procedemento conducente á aprobación da liquidación das obrigas derivadas da 1ª prórroga comprendida entre o 06.07.24- 05.07.25 e á celebración da derradeira prórroga por un ano mais dende o 06.07.25 ata o 05.07.26 adecúase a lexislación vixente e en particular ao acordo reitor da concesión demanial deste ben provincial denominado Mazo de Santa Comba asinado entre a Deputación de Lugo e Enrique Reigosa Gómez, polo que pode someterse á consideración da Xunta de Goberno.

Visto que a Intervención Provincial con data do 25.06.25 baixo o CSV IV7TVSZ4EARPZRH6YIHWGIQBKU nforma favorablemente á tramitación do expediente.

En base a todo o anteriormente exposto, a teor do artigo 59.12 do Regulamento Orgánico, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a liquidación das obrigas derivadas da prórroga que fora aprobada por acordo do 05.04.24 da Xunta de Goberno comprendida entre o 06.07.24- 05.07.25.

2º.- Aprobar a derradeira prórroga do acordo de concesión demanial do ben provincial Mazo de Santa Comba, asinado o 05.07.22 a favor de Enrique Reigosa Gómez. Esta prórroga, acordada de mutuo acordo das partes, terá un ano mais duración comprendido entre o 06.07.25 ata o 05.07.26, cumpríndose o período máximo de duración do acordo fixado en catro anos incluídas as prórrogas.”

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	44/66





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2024/044, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024.

Logo de ver a proposta da señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/044, correspondente á Comunidade de Usuarios da Auga de Louxas as obras de “Mellora Abastecemento ao núcleo de Louxas, Lamas de Moreira”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.988,11 €.

Terceiro.- A Comunidade de Usuarios da Auga de Louxas, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 27 de decembro de 2024.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	45/66	

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 27 de decembro de 2024 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Comunidade de Usuarios da Auga de Louxas (A Fonsagrada), tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/044, destinada ás obras de “Mellora Abastecemento ao núcleo de Louxas, Lamas de Moreira” por un importe de 5.988,11 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2024/134, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024.

Logo de ver a proposta da señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/134, correspondente á Asociación Amigos da Feira as obras de “Acondicionamento e adquisición mobiliario para local da asociación”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.629,59 €.

Terceiro.- A Asociación Amigos da Feira, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 27 de decembro de 2024.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 27 de decembro de 2024 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	46/66





Amigos da Feira (Castro de Rei), tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/134, destinada ás obras de “Reconstrucción de recogida de agua de afloramiento natural” por un importe de 5.629,59 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación á subvención concedida por importe de mil setecentos noventa e seis euros (1.796,00 €) a Asociación Coyote Pedal Terrachá para Ciclismo; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024, emite o seguinte, informe:

Primeiro.- Que o Asociación Coyote Pedal Terracha presentou na sede electrónica da Deputación Provincial con data 29/03/25 10:53 e numero de expediente 2025/PES_03/005886 a conta xustificativa da subvención do procedemento de concorrencia competitiva, anualidade 2024, concedida para Ciclismo, por acordo da Xunta de Goberno de data 28 de xuño de 2024.

Segundo.- Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2024, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo do día 01 de marzo de 2024, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	47/66	

Anexo I: Instancia de conta xustificativa.

Anexo II: Memoria de actuación xustificativa (conta xustificativa) sobre cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, con indicación da duración da actividade e dos resultados obtidos.

Cadro de importes de financiamento.

Declaración do custo total da actividade subvencionada.

Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida.

Anexo III: Declaración responsable relativa a:

Relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.

I. Que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

II. Que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

III. Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

IV. Autorización ou non do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar - fronte aos organismos correspondentes - os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).

V. Que o beneficiario ao que represento:

Asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Non asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

VI. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

VII. Que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

VIII. Que se deu cumprimento ao establecido no artigo 31.3 da LXS.

Anexo IV (actividade competitiva/eventos).

Declaración responsable de relación clasificada de gastos e imputación de gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión, data de pagamento, descrición do gasto, así como as contías dos gastos imputados á subvención concedida.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	48/66	



No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.

Outra documentación.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:

Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.

Do resto xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:

Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.

Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.

Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.

No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas.

No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	49/66	

medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

A documentación obtida por banca electrónica (descargas de banca en liña) debe estar debidamente acreditada pola entidade bancaria correspondente nos casos en que o órgano xestor así o requira.

Achegar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministracións).

Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. (De non constar autorización á Deputación para solicitalos e para importes superiores a 3.000,00 euros).

O centro xestor deberá achegar xunto coa documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (cando conste autorización á deputación para solicitalos e para importes de subvencións superiores a 3.000,00 euros). Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	50/66





transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

Terceiro.- Que revisada a documentación xustificativa, con data 08/04/2025 14:51 e número de rexistro de saída 2025RPS005513, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de emenda de conta xustificativa, para que a entidade beneficiaria no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, emendase e/ou presentase a seguinte documentación:

Anexo IV. Relación clasificada e imputación de gastos.

Na columna de identificación, ademais do numero, debe indicar o tipo de documento (factura ou recibo)

Non se indican os CIF das facturas

Non se indica a base da factura da Federación Galega de Ciclismo

O acredor da factura de Proriders é incorrecto (Raúl Ambite Castillo)

O documento de Maldita buena suerte de 240 € é un orzamento polo que non poderá imputarse como gasto.

O seguro de responsabilidade civil ten unha vixencia de 25/09/2024 a 25/09/2025, soamente poderá imputar como gasto os días correspondentes ao 2024 (98 días 72,53 €).

O seguro de accidentes ten unha vixencia de 21/09/2024 a 22/09/2024, a vista disto parece para a organización dun evento, polo que non se considera subvencionable.

Logo de emendar a relación de gastos deberá emendar o custo total, o anexo I, e o anexo II, puntos II e III.

Non se indica o sumatorio das bases nin do custo total.

Nas columnas de imputación (porcentaxe e importe) soamente deberá indicar facturas polo importe da subvención concedida.

Anexo I. Instancia.

O CIF da entidade é incorrecto.

A denominación da actividade é incorrecta (ciclismo).

Non se indica a cantidade solicitada (4.925,00 €).

Logo de modificar a relación de gastos deberá emendar o custo total.

Anexo II. Memoria xustificativa.

O CIF da entidade é incorrecto.

A denominación da actividade é incorrecta (ciclismo).

Características: debe indicar as categorías nas que compite.

Destinatarios: debe indicar o numero de deportistas.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	51/66	

Descrición das actividades realizadas: debe indicar as competicións de carácter federado nas que participaron.

Nivel de logros: debe indicar os resultados deportivos.

Cadro de financiamento:

Non se indica a subvención concedida (1796 €).

Logo de emendar a relación de gastos deberá modificar os puntos II e III.

Anexo III. Declaración responsable.

A denominación da actividade é incorrecta (ciclismo).

Non indica si ten achegas non económicas.

Certificado da federación relativo ás probas de carácter federado e competitivas nas que participaron.

No relativo aos pagos realizados á Federación Galega de ciclismo pola factura LIC-00098/24 de 2245 €, achéganse os seguintes pagos: 135 € pagados por Jose Angel Barja Sordo, 200 € (18/12/2023), 135 € (29/12/2023), 252 € (06/01/2024, 126 € (09/01/2024), 346 € (16/01/2024), 236 € (18/01/2024), 115 € (19/01/2024, 110 € (21/01/2024), 230 € (27/02/2024), 135 € (29/02/2024), 115 (29/02/2024) e 115 € (28/04/2024), facendo un total de 2250 €. Solicitase certificado da respectiva federación aclaratorio do pagamento e do pago anticipado realizado na anualidade 2023.

No relativo ao pagamento de 135 € realizado por José Angel Barja Sordo acreditación da devolución realizada polo clube e declaración indicando o cargo no clube.

Cuarto.- Visto que consta recepción electrónica do requirimento da conta xustificativa asinada por parte do beneficiario de data 08/04/2025 17:35:03.

Quinto.- Que con data 15/04/2025 19:42:40 e número de expediente 2025/PES_03/005886, e por tanto dentro do prazo de 10 días previsto no referido requirimento, a entidade Asociación Coyote Pedal Terrachá presentou documentación relativa ao requirimento de emenda de conta xustificativa formulado.

Sexto.- Que revisada a documentación presentada pola entidade Asociación Coyote Pedal Terracha detectase que presenta un certificado da Federación Galega de ciclismo no que indica que: Que o Club Ciclista Coyote Pedal Terrachá, con CIFG27506856, na tempada 2024 participou na marcha de cicloturismo que relacionamos inscrita no calendario oficial desta Federación Galega de Ciclismo.

Data	Nome da proba	Ámbito	Lugar	Especialidade
02/06/2024	8ª Ruta BTT Oza-Cesuras	Autonómico	Oza-Cesuras	Cicloturismo

Sétimo.- Tendo en conta o punto 1 das bases reguladoras, de definición do obxecto da subvención:

A. Liña de axudas á actividade competitiva federada

Axudas destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede e /ou delegación na provincia) que desenvolvan a súa participación en competicións organizadas polas respectivas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	52/66





de acordo coa listaxe que se relaciona no Anexo A destas bases e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base e que desenvolvan a actividade competitiva e deportiva para a que solicitan a axuda na provincia de Lugo, sen prexuízo, no seu caso, da respectiva estrutura e distribución xeográfico- deportiva de cada unha das distintas categorías, campionatos e competicións de cadansúa federación deportiva.

Tendo en conta o punto 3 das bases reguladoras, de requisitos que deberán reunir os beneficiarios:

Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades ás que fai referencia o punto A das finalidades (actividade competitiva) todas aquelas entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede na provincia de Lugo) cuxa actividade sexa a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que se relaciona no Anexo A destas bases, que estean inscritas na correspondente competición oficial, desenvolvan a actividade competitiva e deportiva e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base.

Á vista por tanto do requirimento formulado, e do contido da certificación federativa achegada, e da aclaración da federación que consta no expediente relativa á non participación do club en probas competitivas.

Oitavo.- Que no anteriormente referido requirimento, advertíase que de conformidade co establecido no artigo 34.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, no suposto de falta de xustificación producírase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.

Noveno.- Que en consecuencia e de acordo co previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, na que se prevé que a falta de presentación da xustificación poderá implicar a perda do dereito ao cobro da subvención previo tramite do correspondente expediente.

Décimo.- Que por acordo da Xunta de Goberno de data 30 de maio de 2025 se acorda o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida examinar e coñecer a totalidade do expediente e presentar as alegacións que considere oportunas.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	53/66



Décimo primeiro.- Que con data 03/06/2025 13:35 e numero de rexistro de saída 2025RPS008636 e de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notificouse o referido acordo de Xunta de Goberno e de apertura do trámite de audiencia, para que no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción presentase as alegacións que considere oportunas, e do que consta recepción electrónica asinada por parte do beneficiario de data 03/06/2025 19:51:25.

Décimo segundo.- Que transcorrido o prazo determinado para o tramite de audiencia, non consta no servizo de Deportes a presentación de documentación e/ou alegacións polo beneficiario Asociación Coyote Pedal Terrachá.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e o tramite de audiencia ao interesado, procede tramitar a declaración de perda do dereito ao cobro total da subvención concedida a Asociación Coyote Pedal Terrachá por importe de mil setecentos noventa e seis euros (1.796,00 €) para ciclismo, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo que se resolve o concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROLONGACIÓN NO SERVIZO ACTIVO DA XEFA DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS “A EXTINGUIR”.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona Dona María Margarita Soilán Carbia, nacida o 5 de setembro de 1960, persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, titular do posto de traballo de “Xefe/a Servizo Audiovisuais “A Extinguir”, presentou escrito coa conformidade do

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	54/66





Presidente de data 8 de maio de 2025, no que se propón, á vista das necesidades do Servizo, a prolongación de permanencia no servizo activo, por un ano máis.

Tendo en conta que a Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

“Anexo V.

Xubilación do persoal funcionario e laboral.

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social, como consecuencia das sucesivas modificacións legislativas habidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

- Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.
- A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.
- Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerese, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	55/66	

Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante. En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

- 1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.
 - 2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.
- Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

- a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.
- b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.
- c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.
- d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Á vista de que, polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, e que os procesos de substitución necesitan dun tempo de adaptación e adquisición de experiencia. Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada pola traballadora.

Tomando en consideración que no que fai referencia a resultados da avaliación do seu desempeño correspondente ao último período avaliado (1 decembro 2023 a 30 de

	IV7TW4H7EFBJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBJJFY6EHGOVXD7Y	Página	56/66





novembro do 2024) ten acadado unha valoración de Moi Excepcional; e que, segundo informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza, a citada traballadora asiste regularmente ao seu posto de traballo, constatándose unha dedicación horaria superior; sen que exista constancia de absentismo inxustificado no seu expediente persoal.

Tendo en conta o sinalado, vistos os informes dos servizos, considerando que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a decisión, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Acceder á pretensión da traballadora, Dona María Margarita Soilán Carbia, persoal laboral fixo, de prolongar a permanencia no servizo activo, por un ano máis, e dicir, dende o 6 de setembro de 2025 ata o 5 de setembro de 2026, por ser esa a data na que se agarda ter paliado as necesidades que motivan a decisión.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROLONGACIÓN NO SERVIZO ACTIVO DUNHA VIXILANTE DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona Manuela Trigo Quiroga, Vixilante do Cadro de Persoal Funcionario, nacida o día 1 de novembro 1958, presentou escrito dirixido á Presidencia da Deputación, de data 1 de abril de 2025, na que solicita a prolongación da permanencia no servizo activo.

Tendo en conta que Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	57/66	

“Anexo V.

Xubilación do persoal funcionario e laboral.

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións lexislativas acaecidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

a) Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.

a) A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.

b) Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerese, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

1) Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.

2) Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	58/66





derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

A solicitude de Dona Manuela Trigo Quiroga foi presentada dentro do prazo que establece o procedemento (entre os tres e os catro meses de antelación á data de cumprimento da idade de xubilación forzosa).

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

- a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.
- b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.
- c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.
- d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Á vista de canto antecede e vistos informes dos servizos, tendo en conta que a solicitude foi presentada dentro do prazo establecido; e que, segundo consta no seu expediente persoal, existe un cumprimento axeitado en materia de desempeño e absentismo; e a que, conforme aos datos de carreira de cotización para a continxencia de xubilacións que acredita a solicitante, tería unha mingua porcentual significativa na base reguladora da súa pensión, e que informe emitido pola Xerente da Rede Museística Provincial, coa conformidade da Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, de data 15 de abril de 2025, é positivo, na miña condición de Deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo propoño que, en uso das atribucións que

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	59/66



lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Acceder á pretensión da funcionaria, Dona Manuela Trigo Quiroga, de prolongar a permanencia no servizo activo, por un ano máis, dende o 1 de xullo de 2025 ata o 30 de xuño de 2026.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUNHA TÉCNICA DE XESTIÓN DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que de Dona Delia López Rodríguez, Técnica Xestión do Cadro de Persoal Funcionario, que ocupa o posto de “Xefe/a Sección I Actas e Asuntos Xerais”, cumpre os 65 anos de idade o día 10 de xullo de 2025, que terá recoñecidos 44 anos, 1 mes e 10 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 10 de xullo de 2025, data previsible de xubilación forzosa e que acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 38 anos e 3 meses.

Tendo en conta que a citada funcionaria non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Vistas as consideracións de dereito que se recollen no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, que sinala textualmente:

“2.1.- O artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

[...]”.

2.2.- O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	60/66	



3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)”.

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”

3.- A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2025	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 8 meses

[...]”.

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos e tendo presente que Dona Delia López Rodríguez terá acreditado, á data do 10 de xullo de 2025, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 38 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo, propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP número 056, do 10 de marzo de 2011, acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida da funcionaria provincial, Dona Delia López Rodríguez, con efectividade do día 10 de xullo de 2025, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	61/66



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN ADMINISTRATIVO DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Don Ramón Fernández López, Administrativo Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario, que ocupa o posto de “Xefe/a Unidade II Gastos Correntes Bens e Servizos”, cumpre os 65 anos de idade o día 2 de agosto de 2025, que terá recoñecidos 44 anos e 2 meses de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 2 de agosto de 2025, data previsible de xubilación forzosa acreditando un período de cotización á Seguridade Social superior aos 38 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta as consideración de dereito que se formulan no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, que sinala:

“2.1.- O artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

2.2.- O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)”.

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	62/66	



régime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”

3.- A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) e 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2025	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 8 meses

[...].”

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos e tendo presente que Don Ramón Fernández López terá acreditado, á data do 2 de agosto de 2025, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 38 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación de permanencia no servizo activo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP número 056, do 10 de marzo de 2011, acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, Don Ramón Fernández López, con efectividade do día 2 de agosto de 2025, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 184/2025-P.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	63/66



“En relación co Oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no Procedemento Abreviado 184/2025-P polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente administrativo do devandito recurso, seguido a instancia de D. Ángel Rozas Castro fronte á desestimación presunta da reclamación presentada en data 27-11-2024 con motivo dos danos causados ao vehículo 6349 HLW o día 03-11-2024 cando circulaba pola estrada LU-P-1706 ao pasar por unha fochanca existente na calzada.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 195/2025.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co Oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no Procedemento Abreviado 195/2025 polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente administrativo do devandito recurso, seguido a instancia de D. Miguel García Rodríguez fronte á desestimación presunta da reclamación presentada en data 17-09-2024 con motivo dos danos causados ao vehículo 5195-FVJ o día 25-05-2024 cando circulaba pola estrada LU-P-2101 e colisionou cun xabaril.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	64/66





19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

1º.- Dación de conta da sentenza nº 93/2025.

Dase conta da sentenza nº 93/2025, de 12 de xuño de 2025, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo no Procedemento Abreviado nº 124/2025, seguido a instancia de D. José Luis Pernas Iglesias fronte á resolución de 17 de marzo de 2025 que desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial, e en cuxo fallo dí o seguinte: *“Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de D. José Luis Pernas Iglesias frente a la Excm. Deputación Provincial de Lugo, seguido como proceso abreviado número 124/2025 ante este Juzgado, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento, que la declaro conforme al ordenamiento jurídico. Con expresa imposición de costas al recurrente, hasta la cifra máxima de cincuenta euros. Notifíquese esta Sentencia a las partes haciéndoles saber que es firme y contra la misma no cabe interponer Recurso ordinario alguno”*. A Xunta de Goberno queda enterada.

2º.- Dación de conta da sentenza nº 179/2025-P.

Dase conta da Sentenza nº 179/2025, de 12 de xuño, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no Procedemento Abreviado 19/2025-P, seguido a instancia de Dña. Ana María Trastoy Fernández fronte á desestimación por silencio administrativo da reclamación, e en cuxo fallo dí o seguinte: *“1. Debo desestimar y desestimo la demanda presentada por doña Ana Trastoy Fernández frente a la Diputación Provincial por ser la resolución recurrida conforme a Derecho. 2. Cada parte asumirá las costas causadas a su instancia y las comunes por mitad. 3. La presente resolución es firme”*. A Xunta de Goberno queda enterada.

3º.- Dación de conta das sentenzas nº 321/2024 e nº 2355/2025.

Dase conta da Sentenza nº 321/2024, de 26 de novembro de 2024, ditada polo Xulgado do Social nº 2 de Lugo no Procedemento Despidos/ Ceses en Xeral 672/2023 seguido a instancia de D. José Bao López, e en cuxo fallo dí o seguinte: *“Que debo desestimar y desestimo la demanda en materia de despido promovida por de D. José Bao López contra la “Diputación Provincial de Lugo” y en consecuencia debo absolver y absuelvo a la administración demandada de todas las peticiones formuladas en su contra”*. A Xunta de Goberno queda enterada.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	65/66	

Dase conta da sentenza nº 2355/2025, de data 30 de abril de 2025, ditada pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento Recurso Suplicación nº 285/2025, e en cuxo fallo dí o seguinte: *“Desestimamos el recurso de suplicación interpuesto por don José Bao López contra la sentencia de fecha 26/11/2024 dictada por el Juzgado de lo Social número 2 de Lugo en el procedimiento sobre despido registrado con número 672/2023 y, en consecuencia, confirmamos la sentencia recurrida. Sin costas”*. A Xunta de Goberno queda enterada.

20.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

	IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Fecha y Hora	02/07/2025 14:41:40	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TW4H7EFBPJJFY6EHGOVXD7Y	Página	66/66	